

do Consello da Xunta de Galicia, os límites de gasto en cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 9/2009, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Segunda.

Logo de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a Dirección Xeral de Orzamentos no caso das modificacións orzamentarias e, para o resto dos casos, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma poderán autorizar a excepción do cumprimento dos prazos establecidos nesta orde mediante resolución motivada e por petición do centro xestor afectado, en que se xustifique a urxente e inaprazable necesidade do gasto.

Disposicións derradeiras

Primeira.

Autorízase a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a ditar as instrucións necesarias para o cumprimento desta orde.

Segunda.

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2010.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

1. Ponse en coñecemento da Intervención Xeral que a ... concluíu coa tramitación de todos os expedientes con imputación aos orzamentos de 2010.

2. Quedan sen efecto as autorizacións de gasto que non acadaron a fase de compromiso.

3. Así mesmo, infórmase que os créditos que figuran como retidos, pendentes de utilización (fase RC) non van ser utilizados no exercicio, polo que se pode proceder á súa anulación.

Santiago de Compostela, ... de ... de 2011.

O/A director/a xeral O/A secretario/a xeral

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2011.

A Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia (DOG do 28 de decembro) determina no seu artigo 5 que os domingos e días festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público serán, como máximo, de oito ao ano. O tempo máximo entre a apertura e o peche en domingos e días festivos autorizados será de doce horas.

O artigo 6 do mesmo texto legal sinala que os domingos e festivos de apertura serán determinados

para cada período anual mediante orde da consellería que posúa as competencias en materia de comercio, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* antes do 15 de outubro do ano anterior ao da súa aplicación, logo da consulta ás asociacións de consumidores máis representativas con implantación en toda a comunidade, ao Consello Galego de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e ás demais organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas de Galicia.

Con independencia do establecido no parágrafo anterior e co obxectivo de protexer os intereses comerciais nos diferentes concellos, así que fosen publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as datas a que fai referencia este artigo, calquera concello poderá solicitar da consellería competente en materia de comercio a modificación de dúas datas para o seu termo municipal. Esta solicitude deberá ser motivada e realizarse antes do 15 de novembro, e terán que xuntarse os informes emitidos pola cámara de comercio, industria e navegación da zona e polas organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas. A consellería resolverá no prazo de quince días, contados desde a presentación da solicitude. De transcorrer o dito prazo sen resolución expresa, considerárase estimada a petición. Con anterioridade ao 15 de decembro serán publicados no *Diario Oficial de Galicia* os cambios que se aprobasen.

A Consellería de Economía e Industria ten competencia en materia de comercio de acordo co disposto no Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

En aplicación dos citados preceptos, logo de consulta efectuada aos axentes socioeconómicos determinados pola lei, e tendo en conta o interese xeral do comercio e dos consumidores, procédese á fixación dos oito domingos e festivos que, para os efectos do exercicio da actividade comercial, terán a condición de hábiles durante o ano 2011.

Polo tanto, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Os domingos e festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público cun horario máximo de 12 horas diarias durante o ano 2011 son:

2 de xaneiro.

9 de xaneiro.

19 de marzo.

3 de xullo.

4 de decembro.

8 de decembro.

11 de decembro.

18 de decembro.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria